Palas de Rei I, 1, Moredo, Jesé 65 anos, Julia 48(muller)

I,1,442. 79) O carballo dá i-a landra,
Ela: o castiñeiro orizo,
/: todo Dios dá do que tén. :/
ti. qu'has de dar cacharizo

445. 80) Ahora que veu o ~~vrante~~ vrane
El: tamén veu a primavera,
/: os homes a cinco pesos :/
mulleres a perra vella.

449. 81) Vale mais querer a un perro
Ela: que querer a unha muller
o perro ama a su dueño
e a muller a quen quer.

452. 82) Eu ben vin esta-lo cuco
El: de querquena nun salgheiro,
/: tirando pola correa :/
i-aprendedo a zapateiro.

455. 83) As mulleres deste pueblo
El: bien se poden alabar-e,
/: que me cortaron os frascos :/
xa me ~~poden~~ volven retoñar-e.

457. 84) Os homiños deste pueblo
Ela: poucos son e menos sean,
/: colghados no campanario :/
polo ben que nos desean.

462. 85) Unha vella por casar-e
El: subíus'a i-un campanario,
meteu aquelo dentro
pensando qu'er'òn badallo.

465. 86) Unha vella por casar-e
Ela: subíu a un campanario,
/: meteu o badal na cona :/
pensando qu'era o carallo.

469. 87) O carallo vintanove
El: vai na feira da i-artesta,
ai se mo vestia
dalleme un pau na testa.

---